

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA 7 DE AGOSTO DE 2009

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/215/2009 .- CARMEN VÁZQUEZ MARZOA.- Construcción de pórche exterior adosado á vivenda unifamiliar en rúa Ponte de San Lázaro de Abaixo, 21.

LIC/1196/2009 .- MERCEDES PEDREIRA ARES.-, 21. Rehabilitación de tellado en Pza. de San Roque, 1.

LIC/1356/2009 .- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Instalacións grúa torre no interior do antigo Banco de España en Pza Praterías.

4.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse definitivamente axudas para 26 vivendas, por un total de 121.698,47 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á contratación dun arqueólogo/a.

Acórdase a prvisión dun arqueólogo para prestar servizos na atención dos proxectos de urbanización financiados polo fondo estatal de inversión local.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado. Ano 2009.

Apróbanse as bases da devandita convocatoria. O importe a repartir entre os solicitantes será de 270.000 euros.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á convocatoria de subvencións destinadas ao fomento de actividades deportivas puntuais. Ano 2009.

Apróbanse as bases da devandita convocatoria. O importe a repartir entre os solicitantes será de 70.900 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á xestión dos campos de fútbol de Grixoa e Marrozos.

Apróbase a cesión dos devanditos campos á Sociedade Deportiva Grixoa e á Asociación de Veciños Francisco García Beiró de Marrozos, respectivamente, por un período de 9 meses a contar dende o 1 de setembro.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativo á aprobación do orzamento para a substitución de equipamento para porterías de fútbol sala/balonmán.

Apróbase un orzamento de 12.907,77 euros para a devandita substitución de equipamento.

10.- Proposta da concelleira delegada de Participación Cidadá relativa á contratación do servizo de dinamización da casa das Asociacións.

Apróbase un orzamento de 15.000 euros para o devandito servizo, a levar a cabo a partires de setembro de 2009 e ata xuño de 2010.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre a Excma.

Deputación Provincial da Coruña e o Concello para a execución do proxecto "Plan Estratéxico do Comercio Compostelán".

Apróbase o texto do convenio.

12.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á inclusión do Concello no programa LETRAS VIVAS CREACIÓN 2º SEMESTRE ANO 2009 e solicitude de subvención á consellería de Cultura e Deportes.

Acórdase a inclusión do Concello no devandito programa e a solicitude á Consellería de Cultura e Deporte dunha subvención de 3.637,50 euros para levar a cabo o programa proposto pola dirección dos Centros Socioculturais.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto para adecuación e actualización do proxecto de Reurbanización da Rúa Home Santo de Bonaval e nomeamento de arquitecto supervisor das obras.

Apróbase o devandito proxecto e noméase a Enrique Seoane Prado como arquitecto municipal responsable da supervisión da execución das obras do mesmo.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á solicitude á Deputación Provincial da Coruña dunha prórroga do prazo para a presentación da documentación das obras incluídas no POS 2009.

Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha prórroga do prazo para a presentación da documentación ata o 1 de novembro de 2009.

15 a 50.- Propostas da concelleira delegada de facenda relativas a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

51.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Réxime Interior, Persoal e Reforma Administrativa relativa a adxudicación das obras de consolidación e pintura no Pazo de Raxoi (Salón Vermello, pasillo, Salón verde e antesala do Salón Vermello).

Adxudícanse as devanditas obras á empresa ANGEL BREY, S.A., por importe de 49.894,20 euros máis IVE.

52.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Réxime Interior, Persoal e Reforma Administrativa relativa á adxudicación das obras de restauración de carpintería e restauración de mobiliario no Pazo de Raxoi (Salón Vermello, pasillo, Salón verde e antesala do Salón Vermello).

Adxudícanse as devanditas obras á empresa AVAGRUMA, por importe de 33.487,67 euros máis IVE.

53.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Réxime Interior, Persoal e Reforma Administrativa relativa á adxudicación das obras de "Execución de obras de restauración e outros nas dependencias do Pazo de Raxoi (Salón Vermello, pasillo, Salón verde e antesala do Salón Vermello).

Adxudícanse as devanditas obras á empresa OMODIS, por importe de 49.394,83 euros.

54.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á modificación do nivel de vinculación de dous proxectos.

Acórdase a vinculación conxunta de dous proxectos.

55.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de Redacción de proxecto básico e de execución das obras de construción dunha Escola Infantil en Salgueiriños.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente para a citada contratación, cun tipo de licitación de 36.602,60 euros máis IVE.

56.- Servizo de certificación das actuacións e gasto realizado no marco do Proxecto SUITE cofinanciado polo programa europeo URBACT II.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente para a citada contratación, cun tipo de licitación de 6.000 euros máis IVE.

57.- Adxudicación do Servizo de realización de estudos valorativos das ofertas presentadas á licitación das Obras de Saneamento da Conca do Río Arins, Colectores Secundarios (2ª FASE).

Adxudícanse os devanditos traballos á empresa PROYFE, S.L., por importe de 11.704,64 euros máis IVE.

58.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación de equipos para a conexión do centro de xestión de Tráfico da DXT coa sala de control de tráfico do Concello de Santiago.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas e iníciase o expediente para a citada contratación, cun tipo de licitación de 43.185,25 euros máis IVE.

59.- Aprobación prego e inicio expediente do Subministro e colocación de telas e cortinas no Pazo de Raxoi (Salón Vermello, Pasillo, Salón Verde e Antesala do Salón Vermello).

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente para a citada contratación, cun tipo de licitación de 46.523,56 euros máis IVE.

60.- Adxudicación provisional das Obras de Reforzo do firme na vía pública de Pardaces de Arriba (A Peregrina), incluídas no POS 2009 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Adxudícanse provisionalmente as devanditas obras á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., por importe de 52.384,36 euros máis IVE.

61.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Acondicionamento, excavación arqueolóxica e restauración do Castelo de A Rocha Forte.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente para a citada contratación, cun tipo de licitación de 86.637 euros máis IVE.

62.- Adxudicación da instalación de control de velocidade e paso de peóns regulado con semáforos na rúa Ponte do Romáño.

Adxudícase a devandita instalación á empresa TELVENT, por importe de 12.132,65 euros máis IVE.

63.- Reforzo do firme das vías públicas municipais- 2009.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente para a citada contratación, cun tipo de licitación de 948.275,86 euros máis IVE.

64.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de Centro de Atención ó Usuario (CAU) para o departamento de Informática do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas e iníciase o expediente para a citada contratación, cun tipo de licitación de 74.137,93 euros máis IVE.

65.- Adxudicación provisional das obras de construción de varanda de seguridade e protección na Avda. Mestra Victoria Míguez.

Adxudícanse provisionalmente as obras á empresa ARMESA, S.L, por importe de 93.504,40 euros máis IVE.

66.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do servizo de AXUDA NO FOGAR no municipio de Santiago de Compostela.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas e iníciase o expediente para a citada contratación, cun tipo de licitación en función dos seguintes prezos/hora de servizo prestado:

- 12,35 euros/hora máis IVE para os servizos prestados en xornada laboral de luns a sábado.
- 13,28 euros/hora máis IVE para os servizos prestados en domingo e días festivos.

67.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do Acordo regulador/Convenio colectivo das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello.

Apróbase o devandito acordo regulador.